

# **A importancia de preservar a Obra Social de Novacaixagalicia**

# A importancia de preservar a Obra Social de Novacaixagalicia

## 1. ACCIÓN SOCIAL

### 1.1. MAIORES E DEPENDENCIA

- 1.1.1. Avellentamento activo e prevención da dependencia
- 1.1.2. Atención á dependencia
- 1.1.3. Formación e investigación xerontolóxica

### 1.2. COHESIÓN SOCIAL

- 1.2.1. Socialia: apoio ao fortalecemento e profesionalización do Terceiro Sector de Acción Social
- 1.2.2. Atención de colectivos vulnerables
- 1.2.3. Promoción do voluntariado

### 1.3. CENTROS E PROGRAMAS DE EDUCACIÓN

- 1.3.1. Rede de centros educativos
- 1.3.2. Medio ambiente

## 2. DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO E EMPREGO

### 2.1. FORMACIÓN DE CAPITAL HUMANO E INNOVACIÓN

- 2.1.1. Formación directiva
- 2.1.2. Apoio á iniciación profesional

### 2.2. APOIO ÁS EMPRESAS

- 2.2.1. Emprendemento e autoemprego
- 2.2.2. Investigación
- 2.2.3. Reforzo do asociacionismo e da cooperación empresarial

## 3. ACCIÓN CULTURAL

### 3.1. PROGRAMACIÓN CULTURAL

- 3.1.1. Artes escénicas, musicais e cine
- 3.1.2. Artes plásticas e gráficas
- 3.1.3. Cursos e conferencias
- 3.1.4. Actividades para escolares
- 3.1.5. Rede de centros sociais e culturais

### 3.2. BIBLIOTECAS, PUBLICACIÓN E PREMIOS

- 3.2.1. Bibliotecas Novacaixagalicia
- 3.2.2. Publicacións e documentación
- 3.2.3. Premios literarios, de comunicación e investigación

## **A importancia de preservar a Obra Social de Novacaixagalicia**

Como consecuencia do proceso de bancarización das caixas de aforros, a Obra Social fica nunha situación moi comprometida para o seu futuro, polo que é preciso procurar solucións que permitan preservala. A Obra Social presta servizos imprescindibles para a sociedade galega complementando as políticas públicas e en moitos casos alí onde non chegan outros recursos.

A súa actividade vincula cada ano milleiros de galegos e galegas, a través das accións que desenvolve en tres áreas de acción:

- 1.- Acción social.
- 2.- Desenvolvemento socioeconómico e emprego.
- 3.- Acción cultural.

# 1. ACCIÓN SOCIAL

## 1.1. MAIORES E DEPENDENCIA

Galicia é unha das rexións europeas onde o avellentamento demográfico é máis acusado:

- Case o 23 % da poboación é maior de 65 anos, varios puntos por enriba da media española, un grupo máis numeroso ca o de menores de 15 anos.
- A esperanza de vida dos varóns supera os 75 anos e a das mulleres os 82 anos.
- **Estímase que unhas 150.000 persoas maiores galegas dependen fisicamente doutras para poderen vivir.**
- Aproximadamente o 20 % das persoas maiores de 65 anos viven soas.

**Galicia atópase por debaixo da media de oferta de servizos sociosanitarios**, tanto de iniciativa pública coma privada, para atender as demandas do grupo de xente maior con patoloxías crónicas e problemas de autonomía, como son a asistencia domiciliaria, centros de día e residencias, apartamentos tutelados ou acollemento familiar.

Por iso se precisan profesionais para satisfaceren actualmente a demanda de persoal experto en atención xerontolóxica e xeriátrica, así como para corrixir o diferencial de desemprego que ten España con respecto á media da Unión Europea —consonte algunhas estimacións, o 11 % de desemprego no noso país débese ao déficit no sector de servizos de proximidade sociosanitarios—. Eses/as futuros/as traballadores/as necesitarán plans de formación específicos, de forma que se garanta a calidade da asistencia que se ofrecerá ás persoas dependentes.

Obra Social Novacaixagalicia desenvolve innovadoras estratexias de intervención propia, cunha actuación complementaria á dos poderes públicos e da sociedade civil, xerando emprego, a través de 3 liñas de actuación coas que chega a todos os recunchos de Galicia.

### 1.1.1. Avellentamento activo e prevención da dependencia

Para aquelas persoas que se ven maiores pero que o aceptan ben, que son vitalistas e manteñen unha autopercepción de saúde boa, a oferta de OBS concrétese en:

- **14 centros de maiores** en A Coruña, Betanzos, Pontedeume, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Monforte de Lemos, Viveiro, Pontevedra, Vigo, Ourense.
  - ✓ 50.000 socios cunha media de altas anual de 2000 socios
  - ✓ Máis de 100.000 participantes
  - ✓ Máis de 100 actividades distintas
  - ✓ 200 profesionais

### 1.1.2. Atención á dependencia

Para as persoas cunha autopercepción de saúde negativa que lles impide realizaren tarefas, o apoio desenvólvese a través da *asistencia á dependencia*.

- **8 centros xerontolóxicos:** A Coruña, Narón, Vimianzo, Viveiro, Ourense, Monforte e Vigo.
  - ✓ 1000 prazas residenciais
  - ✓ 150 prazas de atención diúrna
  - ✓ 500 postos de traballo directos
  - ✓ 80% prazas concertadas con tarifas sociais

### 1.1.3. Formación e investigación xerontolóxica

Para garantir a calidade na atención social e sanitaria desta poboación maior, **promóvense plans de formación e accións de reciclaxe profesional para que as actuais ou futuras persoas traballadoras** saiban adaptarse aos cambios experimentados na dinámica do sector e nos perfís dos/as usuarios/as e, consecuentemente, nas prácticas empresariais e clínicas.

- Estas accións desenvólvense a través dunha liña de investigación e fomento do profesionalismo e da **Escola Internacional de Xerontoloxía**, que conta con:
  - ✓ 150 profesores e expertos implicados
  - ✓ 1500 horas de formación
  - ✓ 150 cursos, seminarios e actividades complementarias
  - ✓ 2000 participantes e asistentes
  - ✓ 3 libros publicados
  - ✓ 4000 descargas electrónicas de manuais

## 1.2. COHESIÓN SOCIAL

### 1.2.1. Socialia: apoio ao fortalecemento e profesionalización do Terceiro Sector de Acción Social

As ONG de Acción Social son axentes imprescindibles para garantir a prestación de servizos sociais no marco da sociedade do benestar. Polo seu papel na promoción dos dereitos e na detección de necesidades dos colectivos máis vulnerables, e o seu compromiso coa atención das mesmas, son indispensables para a cohesión social. Por outra banda, **permiten canalizar a participación activa e solidaria das persoas nas necesidades e retos sociais e, como sector, adquiriron unha importante dimensión económica en termos de emprego, volume de recursos xestionados e beneficiarios.**

Novacaixagalicia, consciente da súa importancia, desenvolveu unha acción específica: Programa Socialia para o fortalecemento e profesionalización do Terceiro Sector de Acción Social, cuxas medidas máis destacadas son:

- **Portal socialia.org:** portal de referencia no ámbito social con información de interese para ONG e persoas que traballan nelas en materia de lexislación, subvencións, formación, publicacións,

campañas, etc. Difunde ademais información das ONG asociadas (demandas de voluntariado, campañas, ofertas de emprego, etc.).

- ✓ 2130 ONG inscritas
- ✓ 26.000 visitas ao mes de media
- ✓ 11.000 receptores do boletín semanal

- **Socialia Calidade:** innovador programa de formación e consultoría posto en marcha en 2005 para a implantación da cultura da calidade nas ONG. Como resultado do traballo realizado desde entón e do esforzo das ONG que participaron no mesmo, **consegiuse que Galicia lidere a mellora da calidade dos servizos sociais xestionados polas ONG de acción social**. Estes son algúns dos resultados:
  - ✓ **41 certificados ISO obtidos por ONG** e 19 en proceso (8 obteranse en 2011 e 11, en 1012)
  - ✓ **11 selos EFQM** obtidos e 10 en marcha
  - ✓ **29 plans estratéxicos aprobados**
  - ✓ **Máis de 1000 persoas formadas**

Antes da fin de 2011 está previsto poñer en marcha o **Foro Socialia de Innovación Social** para dar continuidade ao traballo realizado e agrupar en rede todas as ONG galegas interesadas en compartir coñecementos, cooperar na mellora e innovación das súas organizacións e no logro de resultados que acheguen valor ás persoas que atenden e a todos os seus grupos de interese.

- **Cesión de salas e auditorios:** todas as sedes socioculturais da Caixa poñen a disposición de ONG e doutros colectivos as súas instalacións para conferencias, seminarios, formación, concertos, galas, etc.

## 1.2.2. Atención de colectivos vulnerables

Tradicionalmente, as dúas entidades fusionadas en Novacaixagalicia destinaron cifras importantes á **colaboración económica con entidades do Terceiro Sector, tanto a través de convocatorias como de concesión de axudas específicas**. No último período, dentro do denominado Plan anticrise, a través do cal se decidiu dar prioridade á atención de colectivos vulnerables, podemos citar:

- **Fondo Galicia Solidaria ante a Crise:** acción en colaboración con Cáritas española e as 5 Cáritas diocesanas galegas para dar resposta a necesidades básicas de familias e persoas afectadas pola crise. **Desde** a súa posta en marcha en **outubro de 2010**, destináronse **335.000 euros**, ademais de realizar unha campaña de difusión en medios para facer un chamamento á solidariedade da sociedade galega e incrementar os fondos destinados a esta iniciativa.
- **Convenios de colaboración:** a través desta liña concedéronse nos tres primeiros trimestres máis de 500.000 euros en axudas destinadas a ONG que atenden persoas con discapacidade, maiores e colectivos en risco de exclusión social, para financiar accións tales como residencias, albergues, comedores, etc.
- **Programa de inserción sociolaboral para persoas en situación de vulnerabilidade:** destináronse **100.000 euros** para accións en colaboración coas principais ONG galegas que desenvolven programas de inserción sociolaboral dirixidos ás persoas que teñen máis

dificultades para encontrar un traballo por diferentes circunstancias persoais, nivel formativo, etnia, problemas familiares, desemprego de longa duración, etc.

- **Programa de atención a inmigrantes:** en colaboración coa Fundación Juan Soñador, a través de tres centros situados na Coruña, Vigo e Ourense, proporciónanse á poboación inmigrante servizo de inserción laboral, en que ademais de formación ofrécese orientación laboral, apoio na procura activa de emprego, orientación social, asesoría xurídica gratuíta e cursos de español. En Ourense, ademais, existe unha casa de acollida con 20 prazas. No que vai de ano, proporcionouse apoio a máis de 800 persoas nos diferentes servizos dos tres centros.

### 1.2.3. Promoción do voluntariado

- **Solidarízate:** web cuxo obxectivo é canalizar **as demandas activas de voluntariado, axudar ás numerosas persoas que queren colaborar con asociacións e ONG** e que non saben onde se dirixiren, onde poden ser máis útiles ou que posibilidades de colaboración se adaptan máis aos seus intereses ou á súa dispoñibilidade horaria.

## 1.3. CENTROS E PROGRAMAS DE EDUCACIÓN

### 1.3.1. Rede de centros educativos

- **Centros de Formación Profesional de Vigo, A Coruña e Ourense:** a oferta formativa dos tres centros pretende dar resposta á demanda de técnicos de FP do contorno socioeconómico e empresarial en que se atopan. Nos tres centros estudan un total de **856 alumnos e alumnas**.
  - ✓ **Colexio Fogar Novacaixagalicia en Vigo** fundado en 1956, en que 560 alumnos/as reciben a seguinte oferta formativa:
    - **Programa de Cualificación Inicial Profesional** de *Fabricación Mecánica*.
    - **Ciclos de Grao Medio:** *Preimpresión e impresión en artes gráficas, Mecanizado, soldadura e caldeirería, Instalacións eléctricas e automáticas e Equipos electrónicos de consumo*.
    - **Ciclos de Grao Superior:** *Programación da produción en fabricación, Mecánica, Sistema de regulación e controis automáticos e Desenvolvemento de produtos electrónicos*.
    - Asociación de Antigos Alumnos con nutrida representación de empresarios e traballadores do sur de Galicia.
    - Club de Fútbol Colexio Fogar San Roque Caixanova (de recoñecido prestixio, fundado en 1958).
  - ✓ **Centro de Formación Profesional da Coruña** con 189 alumnos/as.
    - **Ciclos de Grao Superior** en *Secretariado, Administración e finanzas, e Desenvolvemento de aplicacións informáticas*.
  - ✓ **Centro de Formación Profesional de Ourense** con 117 alumnos/as.
    - **Ciclos de Grao Medio** de *Elaboración de viños, Explotación de sistemas informáticos e Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas*.

- **Ciclos de Grao Superior:** *Xestión comercial e marketing, e Administración de sistemas informáticos.*
- **Ciberalia:** na Coruña, con programas de formación en novas tecnoloxías nos centros sociais Novacaixagalicia de Vigo, Pontevedra e Santiago. En 2010, un total de 27.000 usuarios navegaron gratuitamente ou asistiron a actividades de formación.
  - ✓ Formación en novas tecnoloxías, introdución á navegación por internet, uso básico de ferramentas informáticas.
  - ✓ Cursos e obradoiros relacionados co retoque dixital, a creación de webs e blogs, etc.
  - ✓ Navegación libre e gratuíta por internet.
- **Aulas de novas tecnoloxías** nos centros sociais de Vigo, Pontevedra e Santiago de Compostela, acondicionadas para a formación.
- **Residencia de Estudantes de Pontevedra:** aloxa desde o ano 1969 un importante número de estudantes, principalmente nos seus primeiros anos de carreira, complementando a oferta de aloxamento para os alumnos da Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra, da Facultade de Belas Artes estudos de Marketing e Publicidade, e INEF, entre outros. Actualmente residen nela **máis de 120 alumnos durante o curso escolar**. Así mesmo, presta servizos de aloxamento a grupos de organizacións non lucrativas durante o verán.
- **Escolas infantís na Coruña, Monforte de Lemos, Campelo (Poio) e Lugo** destinadas a nenos e nenas de 0 a 3 anos, contan na actualidade con **265 alumnos/as**.
  - ✓ Escola infantil Zalaeta na Coruña, 101 alumnos/as.
  - ✓ Escola infantil de Monforte, 58 alumnos/as.
  - ✓ Escola infantil de Campelo, 60 alumnos/as.
  - ✓ Escola infantil de Lugo, 46 alumnos/as.

### 1.3.2. Medioambiente

- **Naturnova**, o Centro Interactivo de Educación Ambiental situado no Centro Social de Vigo está aberto ao público en xeral e a visitas escolares. Nel os visitantes poden explorar de forma lúdica múltiples aspectos relacionados coa vida na Terra, o sistema solar, o coidado do medio ambiente, etc.
- **Programas e exposicións itinerantes** en 2011:
  - ✓ **Alas. Fauna Alada de Galicia** en Miño: mostra sobre aves, insectos e mamíferos alados que teñen presenza en Galicia.
  - ✓ **Programa Enrolados:** actividades náuticas e medioambientais en colaboración coa Fundación M.<sup>ª</sup> José Jove na Coruña (o 40 %) dos nenos proceden de centros de acollida).
  - ✓ **Cursos municipios saudables** en Sarria.

En conxunto, estas actividades en 2011 contaron con **2550 beneficiarios**.



## 2. DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO E EMPREGO

### 2.1. FORMACIÓN DE CAPITAL HUMANO E INNOVACIÓN

#### 2.1.1. Formación directiva

- **Escola de Negocios Novacaixagalicia:** fundada en 1987, pasaron polas súas aulas preto de 41.000 alumnos, con máis de 208.000 horas de formación. No tecido produtivo galego, máis de 5000 empresas teñen nos seus equipos alumnos formados na nosa escola, que conta con sedes en Vigo, A Coruña, Ourense, Pontevedra, Santiago e Porto, cun amplo claustro de profesorado de prestixio nacional e internacional, e con acordos de colaboración con numerosas universidades e escolas de negocios internacionais. Os programas formativos que oferta a escola son:
  - ✓ **Formación universitaria:** Grao Oficial privado en Administración e Dirección de Empresas BBA. **Máis de 180 alumnos nos catro cursos. Impartido na sede de Vigo**
  - ✓ **Posgraos:** Másteres oficiais en Administración e Dirección de Empresas: MBA Full Time e MBA Part Time (a modalidade *full time* estase a impartir en Vigo e na Coruña, mentres que a *part time* se fai alternativamente nestas mesmas sedes: comezará unha nova na sede herculina o vindeiro mes de febreiro de 2012, ao tempo que remata a que se está a impartir en Vigo); Executive MBA, impartido en Vigo e mais na Coruña, International Executive MBA na sede de Porto, catro másteres para profesionais (nas ramas de márketing na Coruña, xestión de persoas, eido internacional e financeiro en Vigo), Máster en Xestión e Comercialización de Empresas Hostaleiras, Máster en Recursos Humanos, Programa Superior en Xestión Patrimonial, Programa Superior en Valoración de Empresas, Máster SAP en Xestión Integrada da Empresa, todos eles impartidos na sede da escola na Coruña. Hai que salientar que moitos dos nosos programas se imparten alternativamente nas sedes de Vigo e A Coruña, polo que as indicacións anteriores corresponden ao reparto para o curso académico 2011-2012. **Máis de 500 alumnos en 2010.**
  - Formación continua para directivos:** este eido abrangue unha gran multitude de cursos, tanto polo seu carácter temporal como pola súa temática, orientados á achegar ferramentas específicas para unha mellor xestión e goberno das nosas empresas. Estamos a falar de seminarios e xornadas de actualización, formación *in-company*, *coaching*, programas de adestramento directivo, etc. Neste caso, os diferentes programas impártense nas diferentes sedes, atendendo a demanda das empresas, o cal implica poder cubrir deste xeito as súas necesidades. **Máis de 4000 participantes en 2010.**
  - ✓ **Publicacións:** colección de libros de xestión e publicación con periodicidade bimestral da *Revista edn*, que chega a máis de 5000 profesionais en formato impreso e a máis de 15.000 na súa edición en liña. Tamén contamos con dúas coleccións de libros de dirección e xestión

empresarial: a colección «Escola de Negocios Novacaixagalicia» e mais a «Colección de Empresa» (estes últimos son libros de peto en galego). As nosas bibliotecas contan con máis de 2200 proxectos reais ou de creación de empresas, realizados polos alumnos.

- ✓ **Investigación e proxectos:** o equipo de investigación da Escola de Negocios de Novacaixagalicia ten realizados multitude de estudos e proxectos, tanto no eido institucional e sectorial, coma no de empresa. O Plan Estratéxico da D.O. Rías Baixas, O Plan Estratéxico do Sector Mexilloeiro, O Libro Azul da Náutica, entre outros moitos, que teñen como obxectivo contribuír á mellora da competitividade dos sectores e da sociedade. Tamén apoiamos os emprendedores a través de publicacións específicas e da web da Atalaia do Emprendedor.
- ✓ **Asociación de Alumnos:** conta con máis de 2000 asociados e, entre os servizos que oferta, pódese destacar a bolsa de emprego, xeradora de valor, tanto para empresas, como para os profesionais que pasan polas nosas aulas; xestiona anualmente máis de 350 ofertas de emprego.

## 2.1.2. Apoio á iniciación profesional

- **Bolsas de iniciación profesional:** en 2010 concedéronse 100 bolsas de seis meses de duración co propósito de **facilitar o acceso de mozos/as titulados/as ao mercado de traballo realizando prácticas en empresas** e promocionando a **contratación en prácticas vinculada a proxectos empresariais nos campos do medio ambiente e da innovación**, en áreas como a eficiencia enerxética, a xestión de residuos ou a implantación de sistemas integrais de xestión e calidade. Arredor dun 70 % destes mozos e mozas conseguiron un contrato laboral, unha vez finalizadas as bolsas.
- **Bolsas de xerentes de cooperativas:** en 2011 púxose en marcha un convenio co IGAPE para a selección e financiamento da contratación de 7 mozos profesionais galegos no Banco Interamericano de Desenvolvemento. O seu obxectivo é favorecer a experiencia e o acceso de novos profesionais galegos a organismos internacionais.

## 2.2. APOIO ÁS EMPRESAS

### 2.2.1. Emprendemento e autoemprego

O menor ritmo de creación de empresas tivo como consecuencia unha caída na demanda de financiamento para a posta en marcha de novos negocios. Porén, e de forma paralela, o incremento nos niveis de desemprego provocou que cada día máis persoas busquen no autoemprego unha alternativa económica e laboral.

- **Financiamento: préstamos sociais e microcréditos:** trátase de produtos financeiros en condicións preferenciais dirixidos a quen desexen iniciar unha actividade profesional a través do autoemprego ou da creación dunha pequena empresa, pero que non dispoñen de garantías

suficientes ou avais para responderen aos criterios de análise de risco das entidades financeiras. A garantía achégaa a Obra Social e a súa concesión baséase na confianza na persoa e na viabilidade do proxecto. Os/as emprendedores/as contan ademais cun servizo de asesoramento que os/as apoia e guía na elaboración do proxecto.

- **Cursos de formación e asesoramento para elaboración do plan de negocio:** en 2010 realizáronse 14 cursos en colaboración con concellos e asociacións empresariais na Coruña, O Barco de Valdeorras, Ourense, Santiago, Ribeira, Redondela, Carballo, Narón, Ponteareas, Sarria e Chantada cun total de 200 participantes, 385 horas de formación e asesoramento empresarial (225 horas de formación e 160 horas de titorías individuais).

## 2.2.2. Investigación

### Centro de Investigación Económica e Financeira (CIEF)

Centro de referencia no eido da investigación socioeconómica en Galicia.

O programa de actividades do CIEF alicérase nas seguintes liñas de acción:

- **Publicación periódica de informes económicos anuais, semestrais e trimestrais.**
  - ✓ Informe anual de economía galega. Publicado desde hai vinte e cinco anos.
  - ✓ Informe anual sobre a internacionalización da economía galega.
  - ✓ Informes trimestrais de conxuntura da economía galega.
  - ✓ Observatorio inmobiliario.
- **Publicación de monografías** sobre estudos sectoriais en ámbitos de valor estratéxico para Galicia (sectores clave e sectores emerxentes, medio ambiente, capital cultural, etc.).
- **Elaboración de plans estratéxicos provinciais.**
- **Organización de conferencias, seminarios especializados, xornadas...** sobre temas de actualidade.
- **Creación do Observatorio Territorial Económico e Social** (OTEGA), ferramenta que permite abordar procesos de planificación estratéxica desde unha óptica territorial. Deseño de aplicacións no ámbito dos servizos sociais en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar.

Na execución do seu programa de actividades, o CIEF conta coa colaboración de expertos e investigadores das tres universidades galegas, así como doutros centros de investigación nacionais e internacionais.

## 2.2.3. Reforzo do asociacionismo e da cooperación empresarial

- **Convenios de colaboración con clusters, asociacións, confederacións de empresarios e comerciantes** para o financiamento e realización de actividades formativas,

de investigación, de promoción do tecido produtivo, eventos feirais, internacionalización, etc. Algunhas das entidades coas que se asinaron acordos en 2011 son:

- ✓ Cámara de Comercio da Coruña
- ✓ Cluster de Acuicultura
- ✓ Confederación Empresarial de Ourense
- ✓ Cámara de Comercio de Ourense
- ✓ Círculo de Empresarios de Galicia
- ✓ Confederación de Empresarios de Pontevedra
- ✓ Cámara de Comercio de Santiago
- ✓ Fundación CEL
- ✓ Fundación Galicia Europa
- ✓ Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra
- ✓ Asociación de Empresarios de Ferrolterra
- ✓ Fundación Sotavento

## 3. ACCIÓN CULTURAL

A acción cultural de Novacaixagalicia ten como obxectivo a **promoción da cultura en todos os seus ámbitos, pero tamén contribuír ao fomento do tecido produtivo no sector das industrias culturais**: compañías teatrais, musicais e de danza, empresas de rotulación e enmarcado, empresas de comunicación, conferenciantes, autores/as, editoriais, estudos de deseño, estudos de gravación, imprentas, encadernadoras, profesionais da tradución, laboratorios e profesionais da fotografía, etc.

A media de acción cultural nos últimos cinco anos foi de 2800 actividades, das que se beneficiaron 1.800.000 persoas. A estes beneficiarios cómpre engadir a incuantificable suma de lectores/as das obras que edita ou en cuxa edición colabora o departamento de publicacións.

Realizouse unha extensa programación chegando ao 70% dos concellos de Galicia.

Colaborouse con 700 asociacións e institucións de interese galego, con patrocinio económico ou coa cesión de espazos culturais.

### 3.1. PROGRAMACIÓN CULTURAL

#### 3.1.1. Artes escénicas, musicais e cine

- **Programación teatral, musical e de danza** en centros propios da rede de auditorios e teatros de Galicia (teatros Colón da Coruña, García Barbón de Vigo, Principal de Ourense, Círculo das Artes de Lugo, Jofre de Ferrol...), achegando ao público galego artistas de renome internacional e poñendo en valor a cultura galega.
  - ✓ **Música:** artistas e formacións de música folk galega de recoñecido prestixio, coma Milladoiro, Marful, Luar na Lubre ou Susana Seivane. Artistas e formacións internacionais de moi diversos estilos, coma Utte Lemper, Cesária Évora, Chucho Valdés, Alabama Gospel Choir, Wim Mertens, The Pasadena Roof Orchestra, Orquestra Sinfónica e Coro da Radio Nacional de Ucraína, Orquestra Sinfónica Estatal de Dnepropetrovsk (Rusia) ou Codex Caioni (Romania).
  - ✓ **Teatro e ópera:** *Argelino, servidor de dos anos*, pola Compañía Animalario, *Volpone* por Talía Teatro, *Perséfone*, por Els Comediants, *A ópera dos tres reás*, polo Centro Dramático Galego, entre outros.
  - ✓ **Danza:** *A Bela Dormente*, polo Ballet Nacional de Lituania, Ballet Nacional do Uruguai, dirixido por Julio Bocca, ou *Bodas de sangre* e *Suite Flamenca*, pola Compañía de Antonio Gades.
- **Orfeón «Terra A Nosa»:** con máis de corenta anos de historia e múltiples xiras fóra das nosas fronteiras, ten dado a coñecer a música culta galega, en especial a relacionada coa tradición xacobeá.
- **Colaboración con orquestras e festivais clásicos:**

- ✓ **Colaboración coa Orquesta Sinfónica de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia**
- ✓ **Festival Mozart (A Coruña)**
- ✓ **Are More (Vigo)**
- **Apoio a festivais, música popular e contemporánea:**
  - ✓ **Ciclo «As nosas músicas»** por todos os concellos de Galicia
  - ✓ **«Vangardas sonoras»**
  - ✓ **«Sons da diversidade»** (en colaboración co Concello de Santiago de Compostela)
- **Ciclos de cine temáticos infantís e para adultos**, cunha programación estable en todas as sedes, que de forma gratuíta achegan filmes de calidade e en versión orixinal a un variado público; sirvan como exemplo:
  - ✓ Ciclos **«Elas tras as cámaras»**, **«Berlín en el cine»**, etc.

### 3.1.2. Artes plásticas e gráficas

As exposicións artísticas constituíronse ao longo dos anos como auténticos referentes. As mostras que tiveron lugar nos nosos centros socioculturais teñen sido tanto froito dunha produción propia coma o resultado dunha estreita colaboración con algunhas das institucións máis importantes no ámbito estatal e internacional, entre as cales citamos o Museo Nacional do Prado, o IVAM de Valencia, a Fundación Joan Miró, o Centro Nacional de Arte Raíña Sofía, o Museo Dolores Olmedo (México), a Fondation Pierre Bergé-Yves Saint Laurent (Francia), The Hispanic Society of America (EE. UU.), o Museo Nacional de Bellas Artes (Cuba), o Museo Estatal Ruso de San Petersburgo. As exposicións son gratuítas para todo tipo de público.

- **Exposición permanente das coleccións propias** tanto nos espazos da entidade coma en calidade de prestatarios a recoñecidas institucións españolas e estranxeiras.
- **Exposicións de dimensión internacional**, destacamos, entre outras moitas:
  - ✓ «Frida Kahlo»
  - ✓ «Diego Rivera»
  - ✓ «Tamara de Lempicka»
  - ✓ «Yves Saint Laurent: Diálogo con el arte»
  - ✓ «Jannis Kounellis»
  - ✓ «Man Ray: Despreocupado, pero no indiferente»
  - ✓ «Tarsila do Amaral»

- ✓ «Fernando Botero: Abu Ghraib / O Circo»
- ✓ «Legendary Lee Miller»
- ✓ «Unha mirada de antano: Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia»

### 3.1.3. Cursos e conferencias

- **Conferencias de relevantes especialistas nacionais e internacionais** en diferentes ámbitos temáticos:
  - ✓ Conferencia de Mohamed el-Baradei - Premio Nobel da Paz 2005
  - ✓ Conferencia de Ada E. Yonath, Premio Nobel de Química 2009
  - ✓ Profesor Samuel C. C. Ting, Premio Nobel de Física 1976
  - ✓ «Xornalismo en tempo de guerra: O oficio de correspondente», por Jon Sistiaga
  - ✓ «La Expedición Malaspina y la exploración del océano en el siglo XXI», por Carlos Duarte
  - ✓ «La legendaria Lee Miller», por Antony Penrose (fillo de Lee Miller)

### 3.1.4. Actividades para escolares

Entre a oferta dirixida a centros educativos podemos citar:

- **Espectáculos escénico-musicais:** unha ampla e variada oferta para o público escolar que comprende monicreques, teatro, ópera, cine, etc.
- **Visitas guiadas a exposicións:** os escolares poden visitar tanto as exposicións da colección de arte Novacaixagalicia nas sedes e centros socioculturais, así coma as exposicións temporais de pintura, gravado, escultura ou fotografía. Nos últimos anos, os profesionais da área educativa atenderon máis de **340.000 persoas**.

### 3.1.5. Rede de centros sociais e culturais

Os centros socioculturais son elementos de referencia nas vilas ou cidades en que se localizan, xa que tanto as actividades propias da nosa institución como as que nestes edificios desenvolven outras asociacións ou colectivos están abertas ao conxunto da cidadanía.

A mesta rede de centros exclusivamente dedicados a eventos de tipo social ou cultural abrangue as sete cidades galegas, contando, nalgúns casos, con máis dun espazo destinado a estes propósitos, como se detalla a seguir:

- **Centros Sociais Novacaixagalicia en:**

- ✓ Sede Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín A Coruña
- ✓ Aula Sociocultural A Coruña
- ✓ Teatro Colón
- ✓ Centro Social Santiago
- ✓ Sede Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín Santiago
- ✓ Aula Sociocultural Santiago
- ✓ Sede Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín Ferrol
- ✓ Sede Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín Lugo
- ✓ Aula Sociocultural Ourense
- ✓ Centro Social Ourense
- ✓ Centro Social Vigo
- ✓ Centro Cultural Vigo
- ✓ Centro Social Pontevedra
- ✓ Sede Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín Pontevedra

## 3.2. BIBLIOTECAS, PUBLICACIONES E PREMIOS

### 3.2.1. Bibliotecas

- **Rede de bibliotecas Novacaixagalicia:**
  - ✓ **3 Bibliotecas en Vigo**, situadas nos barrios do Calvario, das Travesas e no centro social de García Barbón. Son referencia na súa zona, contan con servizo de préstamo, *wifi* e son frecuentadas maioritariamente por estudantes e lectores do barrio no que se atopan. No último ano incrementouse a demanda de préstamos, especialmente de novidades editoriais a consecuencia da crise.
  - ✓ **Biblioteca Infantil Novacaixagalicia en Santiago**, na rúa Frei Rosendo Salvado, é a biblioteca especializada en literatura infantil e xuvenil máis antiga de España. **Conta con toda a produción de literatura infantil publicada en galego** ata o momento; a finais de 2010 dispoñía dun fondo bibliográfico de 17.586 títulos, 33.191 asistentes e 1927 socios.



- Ofrece servizos de información bibliográfica, guías de lectura, préstamo de libros e audiovisuais.
- Contacontos para menores de 8 anos.
- Obradoiros de ilustración para a mocidade realizados polos/as ilustradores/as máis recoñecidos no xénero.
- Obradoiros de animación á lectura.
- Presentacións de libros.

### 3.2.2. Publicacións

- **O departamento de Publicacións e Documentación** ten editado, por iniciativa propia ou en colaboración coas máis acreditadas e dinámicas institucións, editoriais e asociacións internacionais, nacionais, autonómicas e locais **máis dun milleiro de títulos**.

Contémplanse todas as tipoloxías de edición e das máis variadas temáticas (con especial incidencia en temas patrimoniais, artísticos, etnográficos, literarios e naturais galegos) para satisfacer a maior amplitude posible de poboación: obras de referencia e consulta, grandes obras ilustradas, catálogos de exposicións, guías de viaxe, obras literarias, libros de peto, contos ilustrados, publicacións periódicas e banda deseñada.

Incidiuse fundamentalmente na publicación en galego, desenvolvéndose ao mesmo tempo a edición en español e, en menor medida, tamén en inglés e francés.

Cómpre ter en conta que algunhas das publicacións realizadas non son venais e que as que saen á venda teñen en todos os casos un PVP moi inferior ao que sería o su valor real de mercado, é dicir, teñen un custe altamente subvencionado. Tanto se as obras son non venais como se dispoñen de PVP, distribúense gratuitamente exemplares aos investigadores e aos colectivos (asociacións, clubs de lecer, bibliotecas públicas, centros xuvenís, educativos, penitenciarios, etc.) que o solicitan, posibilitando con isto o acceso á lectura e á consulta da práctica totalidade da poboación. Así mesmo, potenciouse o intercambio bibliográfico cunha extensa rede de bibliotecas das máis prestixiosas institucións culturais de Galicia e do resto do Estado.

### 3.2.3. Premios literarios, de comunicación e investigación

- **Premios de comunicación**
  - ✓ Premio **Francisco Fernández del Riego** e Premio **Julio Camba** potencian respectivamente os artigos en lingua galega e castelá publicados nos medios.
  - ✓ **Premio A imaxe de Galicia**, convocado en colaboración co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, premia anualmente a mellor imaxe publicada en medios da comunidade.
- **Premios literarios**

- ✓ **Premio de Poesía Novacaixagalicia.**
- ✓ **Premio Fundación Caixa Galicia** de literatura xuvenil, cuxa obra gañadora publica Edicións Xerais de Galicia
- ✓ **Premio Literario Ánxel Fole** convocado en colaboración co xornal *El Progreso* de Lugo, dedicado anualmente a un persoeiro lucense das letras.